

# a fiesta do Illa

ano 2012

nº 12+1

R  
e  
C  
N



pinchado

de  
AMARELO

través de  
este

sol

EMOCIONAL

Z  
A  
S

## LETRAS GALEGAS 2012

## VALENTÍN PAZ ANDRADE

Escritor, avogado-economista e activista político. Estas foron as actividades ás que dedicou a súa vida Valentín Paz Andrade. Naceu o 23 de abril de 1898 en Lárez (Pontevedra) e finou en Vigo o 19 de abril de 1987. Estuda o bacharelato en Pontevedra e após dereito en Santiago.



O seu labor como activista político comeza xa nesta época de estudante mais sempre estivo dirixido a conseguir unha Galicia democrática e avanzada social e economicamente desde unha óptica galeguista.



Este traballo político iníciase cando participa como orador na II Asemblea Nacionalista (1919), coñeceu a Castelao e, da súa man, participa nun mitin para estudantes da Universidade . Daquela, Castelao alcúmao “o Mozo”, máis tarde chámalle “o Berbiquí” pola súa teimosía, acabando por ser “o Inmortal” xa que sobrevive á guerra de Marrocos e a dous atentados. Participa na fundación do Partido Galeguista (1931), na redacción do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia e en eleccións a Cortes constituíntes, mais non sae elixido.

Co estoupido da Guerra Civil apágase un pouco a súa actividade política, axuda a fuxir e defende como avogado a varios intelectuais galeguistas o que lle supón un intento de “paseo” por parte dos falanxistas do que logra fuxir, pero é desterrado a Trives.

Rematada a guerra oponse á vía culturalista que adopta o Partido Galeguista por considerala pouco combativa, el defende a vía política e



consciente do erro que se está a cometer, en 1950 emigra a Arxentina. Alí adquire os coñecementos en materia pesqueira e establece lazos co galeguismo no exilio.

Co retorno da democracia volve á política. En 1975 formou parte da Xunta Democrática de Galicia e cando nese mesmo ano recibe o Pedrón de Ouro, aproveita o discurso para reivindicar a democracia e a autonomía para Galicia.

En 1976, como independente, foi nomeado representante de Galicia na Comisión Negociadora da Oposición co Goberno e da Plataforma de Organizaciones Democráticas. Nesta comisión, chamada Comisión dos Dez, con Felipe González, Jordi Pujol, ou Tierno Galván, demándase a amnistía, a legalización de todos os partidos políticos, unha nova lei electoral, apertura de procesos autonómicos, a cooficialidade das linguas, etc. En 1977, en plena Transición, xoga un papel decisivo, pois é o único representante galego que defende que Galicia é unha comunidade histórica.



O remate do seu labor político chega coa súa elección como senador por Pontevedra na Candidatura Democrática Galega nas Cortes Constituíntes (1977-1978).

Como avogado e economista desenvolveu a súa vida profesional. Após o regreso da guerra de Marrocos dedícase ao xornalismo, sendo director do xornal *Galicia. Diario de Vigo*. Establece o seu afamado bufete de avogados en Vigo; colabora en xornais como o xa citado, en *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo* ou en revistas como *Industrias Pesqueras*, que dirixe desde 1942, ou *La Noche*. Algún dos artigos publicados non eran “ben acollidos” polas autoridades franquistas e levaron a Valentín a dar cos seus ósos no cárcere varias veces.



En 1932 é vítima dun atentado perpetrado por un militante da CNT porque mediaba, representando a patronal, nunha folga de mariñeiros do Sindicato de Industria Pesquera de Bouzas. Recupérase dos tiros sen maiores consecuencias.

Foi un dos impulsores do grupo industrial Pescanova SA, traballou para a FAO,

participa no proxecto empresarial para a creación dunha refinería de petróleo en Vigo ou na creación dun Banco Industrial de Galicia, proxectos que non callan por motivos alleos e espurios contrarios ao desenvolvemento de Galicia.

Ingresa na Real Academia Galega co discurso *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* en 1978.

Na súa faceta de escritor cultiva o ensaio literario, económico ou histórico, mostrando sempre a súa preocupación polo progreso de Galicia. No eido económico destacan os titulados *La marginación de Galicia* ou *Galicia como tarea*, considerado por Méndez Ferrín “o grande manifesto político e económico do nacionalismo galego progresista”. Como ensaísta literario cabe destacar o discurso de ingreso na Academia, xa citado; *Castelao na luz e na sombra* (1982), un ensaio global sobre a vida e obra do guieiro do galeguismo e *Galiza lavra a súa imaxe* (1985), conxunto de textos de temática variada nos que deita todo o seu saber.



Como novelista deixou inédita a súa única obra, *Soldado da morte* (1921) escrita na guerra marroquí.

Na súa poesía está clara a motivación patriótica, o interese por Galicia, a súa xente, a paisaxe e a preocupación polo progreso da nosa terra. Por todo isto e polo achegamento ás vangardas, fuxindo do conservadorismo da época, encádrase na Xeración de 1925. As súas obras son:

- *Pranto matricial* (1955): definido como un canto elexíaco á esperanza, evoca en seis poemas a morte de Castelao.
- *Sementeira do vento* (1968): é un canto ao patriotismo galego, á xente e paisaxe galega, ao exilio e ao amor ausente.
- *Cen chaves de sombra* (1979): presenta variedade temática e nel resoan voces doutros poetas da terra.
- *Cartafol de homenaxe a Otero Pedrayo* (1985): composicións dedicadas ao escritor de Trasalva.



## "Veño da Morte"

Galegos, meus irmaos,  
veño de ter co-a morte.  
Sin o agardar unha vez mais atopo  
o ventureiro empalme con a vida.

Estóu na singladura do retorno,  
con ollos recuncantes na alborada,  
tímpano a se tremer en libres odas,  
pernas reencanadas para andar  
os camiños resucitados.

Veño da morte, irmaos, e no fardel,  
pouco trouxen pra vos:  
cicatrices de ferro nas palabras

*Poema escrito por Valentín Paz-Andrade en Vigo no ano 1962 e publicado en Cen  
Chaves de Sombra*

## "O que todo galego choraría"

CHORA, TERRA, TEU PRANTO  
das augas, e dos eidos, e dos ares,  
as vivas páreas cósmicas da raza,  
en mantelo de brétemas envoltas,  
que noso fin ao noso orixe ligan.  
Deita nas áurias leiras do hourizonte  
labradas de solpores e de abrentes,  
en adoas de luz a debullarse,  
as sementes feridas de túa door.  
Arpa de nobres cordas esquecidas,  
ceiba teu son no curazón retido,  
e fai acordes en total latexo  
almas, paxaros, rios e paisaxes.

(...)

*Anaco de poema publicado en Pranto Matricial e escrito in memoriam de Alfonso Daniel  
Rodríguez Castelao*

## O MAGOSTO

No mes de novembro celébrase o magosto. Nesta época do ano a castaña volve ser a raíña da nosa mesa. Antes da chegada da pataca, a castaña era un alimento básico en Galicia. Intentábase que durasen todo o ano e así, nos primeiros meses deixábanse no ourizo, en montóns chamados ouriceiras e cando comezaban a secar limpábanse e sacábaselles a casca, eran as castañas maias ou maiolas que se consumían máis tarde.



**As castañas hainas que amosegar para que non estoupen ao asalas.**

Hai varios tipos de castañas, pero basicamente clasifícanse segundo a época na que caen, e así temos castañas de cedo ou temperás e as de tarde ou pilongas. Cómense asadas ou cocidas en auga ou leite. Se se cocen coa pel interior e sen a casca exterior chámanse zonchos, mamotas ou zamelos.

É toda unha festa: recoller as castañas, amosegalas, prender o lume e asalas. Cando comeza a espallarse ese recendo a castañas asadas xa se nos fai a boca auga. Pero a festa non remata co bandullo cheo, agora hai que coller cinza ou achas con tisna para intentar manchar os demais. Coa cara e as mans ben tisnadas, dando voltas arredor do lume si que é festa rachada.



É unha festa de orixe pagá, a comunidade reúnese para celebrar o fin do solsticio agradecendo as boas colleitas; pero pronto foi acristianada achegándoa a Santos e Defuntos e, sobre todo, ao 11 de novembro, celebración do San Martiño, segundo nos lembra o refrán: "por san Martiño faise o magosto con castañas asadas e viño ou mosto".

A etimoloxía do termo magosto fai referencia ao latín *magnus ustus* algo así como gran fogueira, mais tamén pode ter relación con *magus*, máxico ou meigo porque non negaredes que... é unha festa meiga!

## O ENTROIDO

















### A VILA DOS VIADUTOS

A vila de Redondela está presidida por dous viadutos do século XIX, que están considerados bens de interese cultural. Son o viaduto de Madrid (en desuso) e o de Pontevedra (aínda hoxe operativo). Debido a estas dúas infraestruturas, Redondela é coñecida como a "Vila dos viadutos".

O máis antigo é o viaduto de Madrid. Este foi construído en 1870 e entrou en funcionamento no 1876, sendo parte da liña Vigo-Ourense. Segue o modelo Eiffel, e na súa arquitectura combina elementos de vangarda con sinais máis tradicionais como as súas cabeceiras de cantería. A compañía francesa que o levantou nunca chegou a cobrar por ese traballo, e ao seu autor, o enxeñeiro italiano Pedro Floriani, díxéronlle que non era seguro, pois non aguantaría o peso dos trens. Este intentou suicidarse tirándose desde o viaduto, pero sobreviviu e puido velo en funcionamento, xa que ao final, despois de varias probas, resultou ser capaz de aguantar trens de ata vinte veces o peso para o que fora construído.



O viaduto de Pontevedra inaugurouse no 1884, debido á necesidade de comunicar a liña de Ourense-Vigo con Pontevedra. O seu tramo principal está formado por vans metálicos e utilízase a cantería granítica para os tramos de acceso. Na actualidade aínda está en uso e por el pasan os trens da liña Vigo-Pontevedra.



Ana, Patricia, Pablo F. e Adrián 4ºB

**FRAGMENTO DO TRABALLO TITULADO A ARQUITECTURA MONUMENTAL, POPULAR E ADXECTIVA AO LONGO DO CAMIÑO PORTUGUÉS AO SEU PASO POLA VILA DE REDONDELA, REALIZADO NO DEPARTAMENTO DE SOCIAIS POR XAIME LAGO E LUÍS PÉREZ.**

ARQUITECTURA RELIXIOSA

SANTIAGO DE VILAVELLA



Igrexa conventual renacentista. De todo o conxunto a igrexa é o único elemento que se conserva na súa total integridade e no que nos centraremos xa que o convento sufriu diversas modificacións.

Foi fundado polo arcediago de Cedeira García Prego de Montaos no ano 1.501. A obra foi rematada no 1.554. É de planta rectangular e presbiterio cuadrangular máis estreito que a nave. A cuberta é de bóveda de canón apuntada, sostida por cinco arcos faxóns de igual directriz, sección cuadrangular, arestas vivas, apoiados en dez pilastras con contrafortes exteriores.

O máis rechamante é o presbiterio, cuberto cunha bóveda estrelada de vinte e unha claves, exactamente



igual que a do presbiterio da ex-colexiata de Cangas, con dous contrafortes en ángulo na cabeceira.

A luz obtense a través de dúas fiestras con arco de medio punto nos muros norte e sur. Cómpre considerar, tamén, a existencia da que podería ser pedra fundacional con inscrición, e o escudo dos Prego de Montaos, na ábsida.

IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE REDONDELA.

Templo do século XVI dunha soa nave, dividida en varios tramos por arcos apuntados. Primitivamente cuberta cunha estrutura de madeira pousada sobre estes arcos, na actualidade



estes tramos cóbreanse con bóveda de cruzaría con gran chave central. Nos muros laterais ábreanse cinco capelas.

A ábsida é pentagonal, cuberta cunha bóveda estrelada (S. XVI) con sete chaves e catro contrafortes exteriores de grandes dimensións.

A fachada é de arquivoltas apuntadas, grande rosetón sobre a porta e un Santiago Matamouros coroando o ápice.

As dúas capelas máis próximas á ábsida, de San Sebastián e San Bieito son de planta rectangular e cubertas con bóvedas estreladas do século XVI de cinco e oito chaves.

As capelas do tramo central, a do Nazareno e das Ánimas foron levantadas no século XVIII.



No seguinte tramo atópase a capela das Ánimas, do século XVI con bóveda de cruzaría de cinco chaves.

A torre foi realizada no 1712 e pode considerarse coma o elemento máis engadido en todo o barroco galego.

A sancristía, de planta rectangular, cuberta cunha bóveda de canón decorada co escudo de Redondela, data de 1714.

#### A CAPELA DE SANTA MARIÑA.

Constitúe o último edificio do noso rueiro do Camiño. Trátase dunha sinxela construción barroca do s. XVIII, de planta rectangular. A fachada, con porta e óculo lobulado, atópase percorrida por catro pilastras acanaladas con falsos capiteis vexetais, rematando coa simulación dos clásicos arquitrabe, tamén acanalado, friso e cornixa. Sobre esta arranca un sinxelo frontón barroco con campanario central.









## DEPARTAMENTO DE INGLÉS

### This is the BBC




Last March 15th our 3rd year and 4th year students had the chance to attend the performance of the English play *This is the BBC* by the English theatre company Moving On at the Multiusos auditorium. It was a very enjoyable morning, when



our students had a lot of fun watching the play, interacting with the actors, singing the songs and, as you can see in the next picture, finding out about the fantastic performing talents of some of the students in our school (Raúl, Borja, etc...)

We hope we'll be able to watch another play next year!!!



**CROSSWORD****ACROSS**

2. Factual programme (11)
6. A means of communication invented by Alexander Bell (9)
8. The boss of theatre production (8)
10. To Televise or transmit (9)
12. Daily or weekly TV programme (6)
13. Impresario of a film (8)
14. TV Information (4)

**DOWN**

1. Expression, transmission of information (13)
3. The "small screen" (10)
4. Copying a CD (9)
5. Climatic conditions (7)
7. Titles in a newspaper (9)
9. Any show on TV (9)
11. Collective noun: spectators (8)
12. Where TV shows are made (6)
13. Most singers on TV use this (8)

## Enquisas aos profesores

Non estades cansos dos exames e das preguntas dos profesores ? Pois agora tócalles a eles. Nós poñémolos a proba facéndolles unhas preguntas de cultura xeral, a ver cantas acertan.



### Ramiro, matemáticas.

*Cal é o nome da muller de Tarzán? Jane.*

Respondeu ben

*De que poeta da xeración do 27 é a obra "Yo era un tonto y lo que he visto me ha hecho dos tontos"? Rafael Alberti*

-Ai, pois nin idea

-A ver profe, di un ao chou

-Rafael Alberti

*Que dous irmáns españois xogaron o pre-olímpico de baloncesto en 1984? Antonio e Fernando Martín*

Respondeu ben

*Que nome recibe a novena sinfonía de Beethoven? Coral*

-A Paralisa

### Luís, historia.

*Cal é a porcentaxe do peso do esqueleto dunha persoa? 10%*

-Ten que ser pouco, xa que se o 75% é auga... Supoño que un 20%

*Cal é a árbore mórea por excelencia? A moreira*

Respondeu ben

*Cal era o nome anterior do Campionato de Europa de Fútbol? Copa das Nacións*

-Pois non sei, tivo moitos dependendo da época, eu digo Campionato de Europa

*Cal é o aeroporto de maior tráfico de España? San Juan, de Palma de Mallorca*

-Barajas. Non, é unha pregunta trampa, Barajas é o da Península, o de España é o de Palma de Mallorca.



**Domingo, educación física.**

*Cal é a capital de Maragatería? Astorga*

Respondeu ben

*Que futbolista do Barcelona foi secuestrado? Quini*

Respondeu ben

*Onde ofreceu o seu primeiro recital Michael Jackson? Estadio Vicente Calderón*

-Foi nun estadio... no Santiago Bernabeu, creo.

-Non, foi no Vicente Calderón.

-Ah, é verdade, o estadio do meu equipo e fallo

*En que guerra morreron máis seres humanos? Na segunda guerra mundial*

Respondeu ben

**Mónica, informática.**

*Con que palabra te tratan de ti en Arxentina, Uruguai e Paraguai? Vos*

Respondeu ben

*Cantas corcheas equivalen a unha branca? 4*

-Pois nin idea, serán 7?

*En que país naceu Karl Marx? Alemaña*

-Sóame a inglés, pero non me lembro.

*En que vivenda non hai nunca moscas? Iglú*

-Querédesme pillar eh... Supoño que nun iglú.

**Xosé Luís, lingua galega.**

*Que se clasifica polo sistema A.B,0? O sangue humano*

-Non sei, paso.

*En que película tocaba Marilyn Monroe o ukelele? "Con faldas e a lo loco"*

Respondeu ben

*Que raíña española era coñecida pola súa falta de aseo? Isabel a Católica*

Respondeu ben

*Chove en Marte? Non*

Respondeu ben

**Elvira, lingua galega.**

*Xosé Luís: Eu voume, eu voume.*

*Elvira: Déixasme soa, cabrito! (ríndose)*

*Que se clasifica polo sistema A.B,0? O sangue humano*

-Pois nin idea.

*En que película tocaba Marilyn Monroe o ukelele? Con faldas y a lo loco*

Respondeu ben

*Que raíña española era coñecida pola súa falta de aseo? Isabel a Católica*

-Isabel a Católica. Non sei se é verdade, pero daquela ulían todos mal.

*Chove en Marte? Non*

Respondeu ben

**Toñi, francés.**

*En que península está San Mariño? Na itálica*

Respondeu ben

*Cales son as illas que lle dan nome a uns pantalóns? As illas Bermudas*

-Pois non sei, as illas Pirata, as illas Longas...

-Son as illas Bermudas

-Ah, claro. Esta non a contedes eh, que vergoña...

*En que país se orixinaron as persianas? Xapón*

Respondeu ben

*Cantos tetos ten unha vaca? Catro*

Un

**Miguel, inglés**

*En que península está San Mariño? Na itálica*

Respondeu ben

*Cales son as illas que lle dan nome a uns pantalóns? As illas Bermudas*

-As levis?

*En que país se orixinaron as persianas? Xapón*

-India

*Cantos tetos ten unha vaca? Catro*

-Seis

**Paula, lingua castelá**

*Cal é o país máis grande de Europa? Francia*

Respondeu ben

*Que illas aparecen nos billetes de mil pesetas? As illas Canarias*

Respondeu ben

*Quen foi o alemán que descubriu como xerar ondas de radio? Hertz*

-Pois nin idea, non o vou acertar.

*De que país é a empresa internacional Citroën? Francia*

-Respondeu ben

**Javier, tecnoloxía**

*Que país ten 350 clases de queixo? Francia*

Respondeu ben

*Cal é o río español que atravesa máis comunidades? O Ebro*

Respondeu ben

*Que sexo vén determinado polos cromosomas XY? O masculino.*

-O "Y".

-Non profe, masculino ou feminino.

-Ahh, pois o feminino.

*Que ex-adestrador do Real Madrid de baloncesto coleccionaba ? Pedro Ferrandiz.*

-Esa si que non a sei.



**Todos os profesores están aprobados. Non tivemos ningún dez, pero destacamos a Ramiro, Domingo, Xosé Luís, Elvira e Paula que tan só cometeron un fallo. Teredes que estudar máis para a próxima.**

*Pablo Táboas Outón, Xunqueira Ézara Nogueira, Silvia Estévez Alonso e Laura López Otero.*

## TRABALLO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E TITORÍAS

### Manifesto do ILLA DE SAN SIMÓN contra a violencia de xénero.

Estamos aquí, hoxe día 25, para render homenaxe a todas as mulleres que sofren violencia de xénero, porque dunha maneira máis ou menos directa, todos estamos implicados.



Nós, a mocidade, non estamos illados desta realidade. Sexa nas noticias, nunha película, nun anuncio ou mesmo na rúa podemos presenciar como, ás veces, as mulleres son maltratadas.

Pensamos que isto está lonxe, que non ten nada que ver connosco, e viramos a cara sen decatarnos de que damos pé ao silencio de algo que non debe ser calado.

Cando unha muller é maltratada sofre as humillacións físicas e psicolóxicas por parte dun home que intenta impor a súa man por riba das palabras. Sofre as humillacións por parte dun home que non sabe selo, sofre as humillacións por parte dun home que se cre superior por ser máis forte, sofre as humillacións por parte dun home que se cre o seu dono.

A realidade dinos que en España xa van 65 mulleres mortas desde 2011, 65 mulleres indefensas, 65 mulleres silenciadas, 65 mulleres sometidas ... 65 familias destruídas.

Para que isto non suceda, o mellor que podes facer é chamar ao 016. Sexas a maltratada ou a que estás presenciando o maltrato. Todos temos o deber de acudir e axudar ante este tipo de abusos. Sexa a



túa irmá, a túa avoa, a túa tía, a túa filla, a túa nai, a túa curmá, unha veciña ou mesmo unha descoñecida, debes acudir na súa axuda. A solución está nas mans de todos e



todas. Ante este tipo de situacións , a vergoña, o medo e a culpabilidade xogan un papel moi importante.

Deben ser apartados todos os prexuízos e os medos porque aínda que o camiño sexa duro, lévase mellor se o traballo se reparte, entre cantas máis persoas mellor.



Non debemos aturar nin un segundo máis o maltrato. Non queremos ter motivos para conmemorar esta data, queremos eliminala do almanaque, mostrando para iso tolerancia cero fronte ao machismo para non ser cómplices co noso silencio.



Por iso berramos por unha sociedade igualitaria entre homes e mulleres.

Para finalizar este manifesto, queremos facer nosas as palabras dunha excepcional muller, Clara Campoamor:

***“Acusei as inxustizas porque non quero que o meu silencio as absolva.”***



## OS NOSOS TÉCNICOS-ENXEÑEIRO NACEN AQUÍ!



### ***As materias de Tecnoloxía e Informática son optativas. Que te levou a elixilas?***

- Pois penso que á parte de que a tecnoloxía e a informática están unidas, son o futuro, tamén penso que en breve os homes e as mulleres seremos substituídos por unhas máquinas. Pero sabedes que?, esas máquinas estarán programadas por min e, aparte diso, terei a moitas persoas traballando para min, gañarei moito diñeiro. Rapaces, xa sabedes, estude informática e tecnoloxía, son a clave.

### ***Responde ás túas perspectivas?***

- Isto todo, penseino desde que estou neste mundo, o que pasa que de pequeno, eu quería ser moitas cousas, como guerreiro, arqueólogo, astronauta, xogador de fútbol, loitador como os de o videoxogo "Tekken", cantante, mago, veterinario, pero claro, era pequeno e non sabía o que pensaba, e cando medrei e a miña cabeza se amoblou, pensou na informática como xa tiña pensado cando era feto.


### ***Que foi o que máis che sorprendeu ou gustou do impartido neste ano?***

- Cústame dicilo, pero, serei sincero, sorprender, o que é sorprender, pois nada, pero o que si me encantou, son esas maravillosas e fantásticas clases de tecnoloxía coa maravillosa e fantástica profesora Mónica, e sen dubidalo co profesor Xavier nas súas clases de IPEE.  
Non sei como fan estes dous elementos, pero sempre van á última.

### ***Que é o que máis che gustou da materia? Onde che gustaría afondar máis e onde eliminarías contido?***

-Pois o que é gustar, gustar... gustáronme os profesores, pero mais aínda me gusto eu.

-Afondar, non afondaría mais, xa temos bastante co que temos, e eliminar pois, non sei, é algo complicando dicir o que eliminarías, xa que se o digo, podo líala parda.



**Algo do que viches no currículo fíxoche decidir sobre o que vas facer nos anos vindeiros?**

-Eu xa sei de sobra o que vou facer, non o dixen antes? desde que nacín téño planeado, a cousa é que a vida dá moitas voltas, pero eu estou

tranquilo, farei informática, logo se podo, que podo de sobra, un ciclo superior de informática, e tamén sei que podo chegar a estudar nunha universidade informática.

-Unha vez na universidade, facer amigos, pero sobre todo estar con todas esas mulleres, preciosas e riquiñas, que estarán pensando en que momento estarei a chegar.

¡Tranquilas mulleres, nuns anos estarei aí con vós!

**Que subliñarías sobre os profesores/as e que che gustaría cambiar deles?**

-Cambiar nada, o que si que me gustaría e que deixasen comer e beber nas clases, aínda que se faga igualmente, gustárame facelo sen ese morbo de que me poidan pillar, animádevos anda, que seguro que vós tamén tedes fame nas clases, ou confúndome?

**Estarías disposto a facernos unha visita con título na man e facer real o encabezamento do noso artigo?**

-Non, que va home, era un broma claramente que si.

**Engadirías algo máis?**

Si.

Rapaces, rapazas, lectores, non lectores, seres humanos, espíritos, deus, profesores e profesoras, esta enquisa esta feita con todo o cariño do mundo, espero que vos gustase e que non ofenda a ningún, e se non pois... mala sorte, un saúde.

PAZ

Marsupilami 4ºD.C.

***As materias de Tecnoloxía e Informática son optativas. Que te levou a elixilas?***

- A miña curiosidade polas novas tecnoloxías

- Interese polo saber sobre ordenadores

***Resposta ás túas perspectivas?***

- Si

- Si

***Que foi a que máis che sorprendeu ou gustou do impartido neste ano?***

- Os traballos con circuitos eléctricos



- Os exercicios sobre páxinas web

***Que é o que máis che gustou da materia? Onde che gustaría afondar máis e onde eliminarías contido?***

- Quitaría algúns traballos máis básicos e engadiría máis traballos en grupo.

- Quitaría algúns dos exercicios que me parecen repetitivos e engadiría máis variedade

***Algo do que viches no currículo fíxoche decidir sobre o que vas facer nos anos vindeiros?***

- Non

- Non

***Que subliñarías sobre os profesores/as e que che gustaría cambiar deles?***

- Nada

***Estarías disposto a facernos unha visita con título na man e facer real o encabezamento do noso artigo?***

- Non

***Engadirías algo máis?***

- Non

.....

***As materias de Tecnoloxía e Informática son optativas. Que te levou a elixilas?***

- Escollín tecnoloxía porque é a materia que máis me podería aportar para unha carreira de enxeñería.
- Escollín informática porque é unha base fundamental para calquera tipo de carreira.

***Resposta ás túas perspectivas?***

- A materia de tecnoloxía aportoume unha gran cantidade de contidos interesantes para o futuro.
- Na materia de informática ampliei cousas que xa coñecía e aprendín outras novas.

***Que foi o que máis che sorprendeu ou gustou do impartido neste ano?***

- En tecnoloxía o que máis me gusta é o proxecto que estamos a realizar. O proxecto consiste en construír un coche dende os seu circuítos ata a súa aparencia externa.
- En informática o que máis saliento é a creación de páxinas web xa que son moi útiles hoxe en día.



***Que é o que máis che gustou da materia? Onde che gustaría afondar máis e onde***

***eliminarías contido?***

- En tecnoloxía tanto a teoría como a práctica estiveron equilibradas así que non cambiaría nada.
- En informática estaría mellor terlle dedicado máis tempo aos contidos novidosos con respecto aos máis sinxelos e coñecidos.

***Algo do que viches no currículo fíxoche decidir sobre o que vas facer nos anos vindeiros?***

- Tiña a idea de facer un enxeñería dende o primeiro momento, pero o impartido neste curso tanto en tecnoloxía como en informática aínda me animou máis se cabe.

***Que subliñarías sobre os profesores/as e que che gustaría cambiar deles?***

- Subliñaría a súa actitude positiva e a súa enteira disposición a axudarnos. Ademais, son dous profesores que dificilmente se enfadan e que fan que as clases sexan moi amenas. Non cambiaría nada.

***Estarías disposto a facernos unha visita cun título na man e facer real o encabezamento do noso artigo?***

- Se consigo o meu título sería o primeiro que faría.

***Engadirías algo máis?***

- Interesaríame que tivésemos feito algún proxecto para poder presentar nun concurso ou exposición a nivel nacional. Desa maneira teríamos a oportunidade de intercambiar ideas e experiencias con outra xente cos mesmos intereses ca nós.

.....

***As materias de Tecnoloxía e Informática son optativas. Que te levou a elixilas?***

-Para os de diversificación no son optativas pero de poder escoller escolleríaaas porque o de facer proxectos tecnolóxicos e circuitos eléctricos gústame moito .

Este ano descubrín o meu “ talento “ cos circuitos eléctricos , e demostroume que por moi difíciles que parezan son moi sinxelos .

***Resposta ás túas perspectivas?***

- De sobra , non só as resposta senón que as superou, este ano acadei moitos coñecementos , que servirán para o meu futuro , xa que teño pensado facer un ciclo de electricidade .

***Que foi o que máis che sorprendeu ou gustou do impartido neste ano?***

- Pois gustoume todo o dado dende descubrir os circuitos eléctricos e circuitos de auga que temos na nosa casa , ata facer un compás ou un robot .

***Que é o que máis che gustou da materia? Onde che gustaría afondar máis e onde eliminarías contido?***

-Gustoume todo xa que todo é bastante interesante , descubrir como están feitos os circuitos eléctricos da miña casa e aprender a facer circuitos , quizais quitaría un pouco o de pneumática e hidráulica , hai que saber moita teoría con moitas fórmulas .

***Algo do que viches no currículo fíxoche decidir sobre o que vas facer nos anos vindeiros?***

-Si , fíxome decidir sobre que ciclo facer , en todos estes anos da ESO nunca sabía o que quería facer e este ano descubrín que o da electrónica me gustaba moito e decidínme por esa opción de estudar un ciclo medio de electrónica . E quizais despois de acabar este farei un ciclo superior pero pouco a pouco .

***Que subliñarías sobre os profesores/as e que che gustaría cambiar deles?***

-Os profesores son bastantes bos , ás veces , algún pásase deixando no corredor a xente, pero os dous son bos profesores e saben levar unha clase .



Samuel 4 ESO

***Estarías disposto a facernos unha visita con título na man e facer real o encabezamento do noso artigo?***



-Pois claro , hai que vir demostrar a algúns profesores que pensaran que non chegaría a moito o equivocados que estaban, e dar as grazas a todos os profesores que me axudaron durante os 5 anos que estiven neste instituto porque sen eles nada disto sería posible .

***Engadirías algo máis?***

Grazas a todos os alumnos , compañeiros , profesores que pasaron polo centro , profesores que aínda están no centro , grazas a eles xa que me apoiaron e me ensinaron moitas das cousas que agora sei , dende que entrei no colexio cos meus compañeiros cos que levaba 9 anos na mesma clase , cando me cambiaron de clase no ano seguinte a unha clase na que non coñecía a ninguén , cando tiveron que repetir segundo da E.S.O. , cando entrei en diversificación que foi o que mais me axudou xa que aquí somos todos como unha familia levámonos todos ben e axudámonos en todo e aínda que sempre hai tempo pas pelexas , discusión e puteos pero son os mellores compañeiros que se poden ter , dous anos con eles , e como se levara toda a vida .

MOITA SORTE PARA TODOS NOS SEGUINTE CURSOS E BO VERÁN

.....

***As materias de Tecnoloxía e Informática son optativas. Que te levou a elixilas?***

- Que me dedico á programación dende os oito anos e estou acostumado á tecnoloxía.

***Resposta ás túas perspectivas?***

- Non.

***Que foi o que máis che sorprendeu ou gustou do impartido neste ano?***

- Nada.



***Que é o que máis che gustou da materia? Onde che gustaría afondar máis e onde eliminarías contido?***

- Gustoume máis a parte de electrónica dixital. Afondaría máis nas linguaxes de programación aínda que sexa a nivel básico.

***Algo do que viches no currículo fíxoches decidir sobre o que vas***

***facer nos anos vindeiros?***

- Non, xa o tiña decidido.

**Que subliñarías sobre os profesores/as e que che gustaría cambiar deles?**

- Na miña opinión deberían ter unha preparación máis concordante coa materia que ensinan. Faría falta tamén requirir que certos profesores fosen máis serios á hora de dar clase.

**Estarías disposto a facernos unha visita con título na man e facer real o encabezamento do noso artigo?**

- Estar disposto estaría, pero dubido que o faga.

**Engadirías algo máis?**

- O nivel de tecnoloxía analóxica véxoo bastante baixo e o laboratorio é escasamente usado.

.....

**As materias de Tecnoloxía e Informática son optativas. Que te levou a elixilas?**

-Porque quero facer un ciclo de informática.

-Porque me gustan os ordenadores, programar, navegar, etc.

**Resposta ás túas perspectivas?**

-Si

**Que foi o que máis che sorprendeu ou gustou do impartido neste ano?**

-Fabricar o robot, facer circuítos, e ir á aula de informática

**Que é o que máis che gustou da materia? Onde che gustaría afondar máis e onde eliminarías contido?**

-O tema de electricidade e electrónica e as clases de informática. Gustaríame ter estado máis tempo facendo as prácticas do robot.

**Algo do que viches no currículo fíxoche decidir sobre o que vas facer nos anos vindeiros?**

-Si, porque dentro do campo da informática gustaríame facer programación e montaxe de equipos informáticos.

***Que subliñarías sobre os profesores/as e que che gustaría cambiar deles?***

-Pois que non mandaran tantos deberes e que os exames foran máis sinxelos

***Estarías disposto a facernos unha visita con título na man e facer real o encabezamento do noso artigo?***

-Claro

***Engadirías algo máis?***

Pois que o meu interese pola informática comezou polo pirateo de redes sen fíos, da PSP, etc

Samuel Rodríguez Borines, un gran experto en robótica e informática, “o rapaz promete”

.....!

***As materias de Tecnoloxía e Informática son optativas. Que te levou a elixilas?***

-Os meus gustos sobre estas materias xa que teño expectativas de exercer un traballo relacionado con este ámbito nun futuro.



***Respostou ás túas perspectivas?***

-As perspectivas que eu mesmo tiña si, pero gustaríame que afondase máis en cousas que son importantes para os tempos que corren e que poden ser un aliciente para que a xente sexa emprendedora, como pode ser a creación de páxinas web, a aplicación de tecnoloxía a ámbitos cotiáns, elaborando aparellos para facer máis cómoda a nosa vida diaria.

***Que foi a que máis che sorprendeu ou gustou do impartido neste ano?***

-Sen dúbida algunha a electrónica analóxica e dixital, xa que é un dos ámbitos que máis me atrae da tecnoloxía.

***Que é o que máis che gustou da materia? Onde che gustaría afondar máis e onde eliminarías contido?***

-O que respondín na pregunta anterior, todo o relacionado coa electrónica, e tamén me atrae moito a creación de páxinas web aínda que o fagamos dunha forma máis amena e visual con programas, e o que é realmente para o meu gusto divertido sería ensinar un pouco de programación, aínda que seguramente non todo o mundo o recibiría co mesmo agrado.

***Algo do que viches no currículo fíxoche decidir sobre o que vas facer nos anos vindeiros?***

-Eu xa tiña decidido o que quero estudar, pero levoume a reafirmar as ganas que teño por estudar neste ámbito

***Que subliñarías sobre os profesores/as e que che gustaría cambiar deles?***

-Gústame que dean liberdade e así o alumnado pode ser máis emprendedor e desenvolve as súas calidades.

***Estarías disposto a facernos unha visita con título na man e facer real o encabezamento do noso artigo?***


-Obviamente si, xa que nestes anos aprendín moitas cosas que son moi importantes para o futuro e que sen elas non podería estudar o que me gusta.

***Engadirías algo máis?***

-Non

Moitas grazas rapa@s, aquí vos estaremos esperando.

Javier Pereira e Mónica Gómez.



MICHAEL JACKSON

Michael Joseph Jackson naceu o 29 de outubro de 1958 en Gary, Indiana e morreu o 25 de Xuño de 2009. Foi un cantante, compositor e bailarín estadounidense de música pop, á parte disto tamén fixo e participou nalgunhas películas. A súa carreira artística comezou cos seus irmáns, formando así os The Jackson 5. En 1971 comezou a súa carreira en solitario. Ao redor dos 30 anos Michael foi coroado como O rei do pop pola súa amiga Elisabeth Taylor. Ao longo da súa carreira, logrou cerca de 80 records recollidos no Guinness World Records, en numerosas ocasións por ser o artista musical máis exitoso de todos os tempos, con cerca de 750 millóns de discos vendidos; o artista musical máis premiado da historia, con centos de galardóns, entre estes 15 premios Grammy; o artista máis novo en liderar a lista de sinxelos nos Estados Unidos, con 11 anos; e moitos máis. El marcou unha nova etapa na historia da música co seu videoclip Thriller, facendo así que a xente tivera unha nova visión dos vídeos. A partir de Thriller os vídeos comezaron a tratarse coma se foran filmes en miniatura.

Á parte de pola súa música, Michael Jackson tamén destacou pola súa xenerosidade, xa que foi, tamén, o artista que máis diñeiro doou a obras benéficas con centos de millóns de dólares.

Nos anos 1993 e 2003 o cantante foi acusado de pederastia. A fin de evitar un xuízo Michael pagoulle máis de vinte millóns de dólares á familia do rapaz e no segundo caso foi absolto por falta de probas. Esta serie de acontecementos marcaron unha etapa moi dura da súa vida, o seguinte e último disco que fixo foi un total fracaso xa que as vendas foron moi baixas. Despois disto, decidiu volver aos escenarios cunha xira que se chamaría This is it, porén, case 20 días antes do comezo o artista faleceu por un paro cardiorrespiratorio. Declararon que fora un homicidio e o seu médico persoal, declarouse "non culpable" dos cargos de homicidio involuntario e pagou unha fianza para non ingresar en prisión. A repentina morte do gran artista deu lugar a un loito a nivel mundial dos seus fans, ata máis de dous mil millóns de persoas viron o seu funeral público pola televisión.

E aínda que algunhas persoas crean o que di o tele-lixo, Michael comportábase desa maneira tan "estraña" por varios traumas que sufría dende a súa infancia, xa que el non puido gozar no seu momento, intentou que os seus fillos e todos os nenos do mundo puideran facer todo o que el non fixera na etapa infantil.

29/10/1958 -




## ELVIS PRESLEY

**Elvis Aaron Presley** naceu en Tupelo, Mississippi o 8 de xaneiro de 1935 e morreu en Memphis, Tennessee o 16 de agosto de 1977. É un cantante norteamericano coñecido como o rei de rock.

Presley comezou a súa carreira en rockabilly, con temas de blues e country transformados en rock and roll. Presley converteuse no cantante de máis éxito no rock and roll aínda que tamén cantou country e gospel. Foi unha icona da cultura do pop americano pola forma de interpretar o rock, e despois creou unha escola imitando o ritmo dos negros e dándolle entoación ao aspecto máis sexual do rock. Cando morreu vendeu arredor de 200000000 de discos e conseguiu 129 de discos de ouro. Interpretou 31 filmes relacionados co mundo da música. Foi o cantante solista co número de discos máis vendidos da historia.

Comezou a traballar moi cedo, aos seus 11 anos, e coa súa insistencia agasallárono coa súa primeira guitarra.



En 1948 a súa familia trasladouse a Memphis, un dos centros de actividade musical do país. Aos seus 19 anos, Sam Philips , propietario de Sun Records, decidiu editarlle un single. Este primeiro intento abriulle as portas a un programa radiofónico de música country, “Louisiana Hayride”.

En 1955 fichou pola discografía RCA , e ao ano seguinte vendeu trescentos mil exemplares do tema “Heartbreak Hotel”, que acabou sendo o primeiro disco de ouro.

O blues é un xénero musical vocal e instrumental, baseado na utilización de notas de blues e dun patrón repetitivo, que acostuma seguir unha estrutura de 12 compases

O country é un estilo musical que xorde nos anos 20 nas rexións rurais de sur de Estados Unidos . Combina a orixe da música folclórica dalgúns países europeos de inmigrantes, principalmente Irlanda, con outras formas xa enraizadas en Norteamérica.

---

Opinión personal :

Eu escollín Elvis porque foi un gran solista como seu alcume indica, o rei do pop, e porque as súas cancións son moi movidas

**XII CAMPIONATO DE ATLETISMO – VENRES 30 DE MARZO DE 2012**















## ROTEIRO URBANO

*Este percorrido pola vila foi organizado en colaboración co Concello. Dámoslle as grazas a Eva, técnica do Servizo de Normalización, polo seu magnífico traballo e a Roberto e Gonzalo polas súas engaiolantes historias. Recollemos a seguir algunhas opinións do alumnado.*



O que máis me gustou foi o cemiterio, no que desde 1980 non se enterrou a ninguén máis. Os que non tiñan moito diñeiro

enterrábanos na terra e os que tiñan cartos metíanos en panteóns moi bonitos.  
**Iván Couñago.**

Gustáronme moito os escudos, cada un é dunha familia privilexiada e, segundo o debuxo que teñan, sábese se era militar (presenta unha armadura ou helmo), se era mariñeiro (ten unha rede)... **Antía Fernandes.**





Cando fomos ao cemiterio contáronnos que unha muller estaba embarazada e mentres durmía entraron uns homes na súa casa pensando que había un familiar perseguido e a muller

despois duns días deu a luz, pero o nenño morreu debido a que non a deixaran comer e “outras cousas”. Ela ía despois ao cemiterio e rompía a tumba.

Non sabía que houbera uns petos de ánimas onde lle poñen cousas a Deus (flores, patacas mal feitas...) para pedirlle cousas.

Non sabía que na Picota antes á xente que fixera un delito, poñíana no medio da rúa atada a un rolo e os que pasaban insultábana ou tirábanlle cousas.



Non sabía que antes nas casas deixaban o baixo sen

paredes para traballar e falar coa xente sen que lles chovese enriba nin lles dese o sol.

Díxonos que había que respectar o espírito galego e que antes de ser españois, somos galegos. **Carme Muíños.**



En Redondela antes había poucas casas porque o mar enchía case toda a vila.

Díxonos que somos galegos e

hai que estar orgullosos. **Elisa Belén Pérez**

Chamoume á atención que no cemiterio enterrasen a xente en fosas comúns sen saber quen era e sen dicirlle á súa familia que morreran.

**Sara Hermelo.**

O cemiterio, impresionoume a cantidade de xente importante que está enterrada e canto máis rico eras máis alta é a tumba. Tamén me



impresionou a fosa común e que só lles puxeran unha pequena pedra como detalle de lembranza cando merecían algo máis.

Dixéronnos unha frase precisa que me parece de gran importancia neste tempo no que non se aprecia o galego: “que non se vos esqueza nunca que antes de ser españois, sodes galegos”. **Roberto González.**



Sei que antes no convento de Vilavella vivían monxas, pero tiveron que mandalas para Tui.

Sei que o que construíu o

viaduto vermello, chamábase Pedro Floriani, tirouse pola ponte e quedou tetrapléxico.

Sei que a Casa da Torre antes fora casa do Concello. **Aitana García.**

Redondela é moi pequena, pero agocha dentro de si uns segredos moi interesantes. **Manuel Pazos.**

O que máis me gustou foi o canastro, que as persoas antigas inventaron pórllle coma unhas patas de pedra e unhas “rodas” tamén de pedra encima para que os ratos e outros animais non puideran subir para comer o millo. **Anónimo.**



Gustoume moito como eran e son as casas mariñeiras. **Eva Lago.**






# O CORAZÓN DELATOR

É me imposible dicir como se me meteu por primeira vez a idea na cabeza, pero unha vez dentro, obsesionoume día e noite. Eu quería ao vello. Nunca me fixera dano. Nunca me insultara. O seu ovo non me atraía. Creo que foi o seu ollo. ¡Sí!, iso foi, tiña o ollo dun voitre, azul, pálido... Ao ver o seu ollo fervíame o sangue.


Vostedes empeñáronse en dicir que estou tolo. Os tolos non saben nada, tirán que terme visto a min.





Pouco e pouco foi tomando a decisión de matar o vello. Cada noite, ás doce, facía xirar a tranca da súa porta e abríaa, cando a abertura era o suficientemente grande como para que lle coubese a cabeza, introducía unha lanterna grosa.



Pero sempre o ollo pechado




Así estivo ata a oitava noite. Esa mesma noite esvaroullo polgar sobre o peche metálico da lanterna. O vello deu un salto.




Así estivo unha hora esperando.





Empezou a escoitar un ruído ~~xordo~~, baixo... que cada vez ~~a~~ enfadaba máis pero mantívose.



Tirou a pesada cama sobre el.





Despedazou o corpo, cortoulle a cabeza, os brazos, as pernas. Despois de despedzalo, levantou tres táboas, depositou o corpo despedzado, colocou as táboas.



Entraron tres homes, parecían axentes de policía. Un veciño tiña posto unha denuncia na comisaría por un grito que oíu.

Cando tocaron as cabezas chamaron á porta ..



Contoulle que o vello  
estaba fóra, e ensi-  
noulle os seus tesouros

Pediulle que descansara, colocou  
asúa cadeira, nas táboas onde  
estaba escondido o corpo.




Ao cabo dun tempo, empezouse a poñer pálido,  
doíalle a cabeza... empezou a escoitar un zumbido,  
máis claro,...



Feito por: Mateo, David A., Jonathan

## CONCURSO DE CONTO

O xurado do décimo terceiro concurso de conto formado por membros da ANPA e profesorado do departamento de lingua e literatura galega e de normalización lingüística decidiu outorgar os seguintes premios:



- 1º premio: ***O destino de Xeoane*** de David Campos.
- 2º premio: ***Cando rompe o mar*** de Ilmena Álvarez.
- 3º premio: ***Un 21e unha feira chegaron para namorarme*** de Cecilia Rodríguez.

### ***O destino de Xeoane***

Era un tarde de primavera e caía unha tromba de coidado. Comezaba a pechar a noite e o frío aumentaba por momentos. Pouco a pouco a choiva foise convertendo en sarabia. Ese foi o momento do seu nacemento: Xeoane, o cubiño de xeo, caeu do ceo como os mesmos anxos.

Pese a non ter máis que uns segundos de vida, xa era o suficientemente listo como para saber que se quedaba á intemperie, probablemente se esvaecería como se esvaecen os soños cando chega a mañá, e nun abrir e pechar de ollos xa se estaba escorrendo polo sumidoiro máis achegado. Amparado polo frío do sumidoiro pasou horas entre moreas de máis cubiños coma el. Pero non eran exactamente iguais a el, porque el sabía que tiña unha misión importante que cumprir, e que era moito máis especial que aqueles centos e centos de anaquiños de xeo.

Coñeceu alí a un cubiño un pouco recheo, chamado Gordín, co que aprendeu a arte de rodar. Xuntos percorreron o sumidoiro de cabo a rabo, e chegaron a coñecer de memoria todas as súas curvas e as súas costas. Mais sempre houbo unha zona que lles infundía medo e misterio. Seguindo a canle na que o pequeno Xeoane caera ao nacer, chegábase a unha gran porta, tras a cal resplandecía un fulgor verde intenso, como o de eses láseres que venden nos bazares orientais. Todos no sumidoiro sabían que aquel era un lugar prohibido, e que non se debía un nin achegar a el.

Pero Xeoane non era dos que se amedrentan con catro contos de vellas, e en canto atopou un momento, lanzouse á exploración do misterioso lugar que aquela porta escondía. Coouse baixo as vellas táboas corroídas e chegou a unha sala iluminada coa suave cor da herba en primavera, o único problema era que o do chan non era herba, senón un estraño fluído entre sólido e líquido. Cando Xeoane se acercou a ela, a substancia comezou a tremer... Sen poder Xeoane evitalo, unha onda verde cubriuno por completo, para logo volver a recollese na súa forma orixinal. Agora Xeoane sentíase distinto. Non era o de sempre, tiña algo que antes non estaba aí... Brazos e pernas! Xeoane observounos un pouco antes de comezar a movelos, sentíase moi raro con aqueles membros.

Non fixo falta moito tempo para que Xeoane se acostumase ás súas novas capacidades, e en apenas un día, xa estaba disposto para comezar a subir a escaleira da esquina da súa cloaca e saír ao mundo exterior. Por suposto que antes tomou precaucións, coas súas propias mans cortou unha bolsa que atopou no sumidoiro para facerse un traxe adecuado para unha exploración daquel mundo descoñecido que só vira durante un segundo. Nun abrir e pechar de ollos xa gabeara a escaleira completa e saíra á superficie.

O que atopou fóra non era tan fascinante como el o esperaba, só había un chan negro, negro e branco. Se miraba cara un lado, podía ver unha construción moito máis grande, cunha porta e xardín. Cruzou a rúa a todo correr (o sol comezaba a derretelo dentro do seu propio traxe) e entrou no edificio. Ah! Fresco! Dentro a temperatura era tan baixa, que calquera cubiño de xeo sentiría que era o seu fogar. Avanzou ao longo daquel chan branco como a neve, probablemente de mármore, e chegou a unha cociña relativamente pequena. Para el, era grande como a noite de San Xoán, pero ben certo é que aquilo non era unha cociña ampla para un ser humano.

Xeoane comezou a buscar un lugar onde pasar a noite, e atopouno. Na esquina da cociña topou cunha gran máquina de aceiro cunha porta ben illada. Agardou a que

alguén a abrise e aproveitou para coarse dentro. No seu interior todo era marabilloso: había xente coma el por todas partes, rodaban dun lado para outro e berraban felices. O ambiente era un pouco máis frío que no exterior, pero a diferenza tampouco era moi notable. Xeoane pensou que quizais, para un ser humano a temperatura exterior fose excesivamente fría, e calquera que sexa o método empregado para obtela, fora un gasto totalmente inútil.

Entre os seus amigos pasou a noite, falando de cousas das que falan os cubiños de xeo e facendo cousas que só fan os cubiños de xeo. Ao chegar o día alguén abriu de novo a porta e Xeoane, que xa se despedira de todos previamente, partiu cara un novo lugar.

Despois de camiñar un tempo pasou a unha nova sala onde a luz, a pesar de estar aínda no luscofusco, era moi intensa, e proviña dunha pequena esfera situada no teito ao centro da estancia. Pareceulle estraño que aqueles seres cunha tecnoloxía tan avanzada a desaproveitaran iluminando unha estancia que se atopaba baleira. Nunha das paredes había un aparello bastante grande do que Xeoane oía falar durante a noite a uns cubiños de xeo, chamábanlle televisión, e segundo parece o seu poder era inimaxinable. Tiña a capacidade de usurpar e controlar a mente dos seres humanos, que se quedaban embobados mirando para ela. Soou un ruído xordo no lateral do cuarto e entraron dous humanos adultos que prenderon a televisión. “O goberno planea unha suba do 50% das taxas universitarias...” comezou a soar unha voz. Xeoane saíu por debaixo da porta e deixou atrás aquela barallada que non entendía, pero que parecía causar ataques de rabia e gruñidos naquelas persoas, que agora se atopaban sentadas nun sofá que ocupaba a parte central da habitación. A porta pola que Xeoane se coou daba a un xardín traseiro, a calor xeral do ambiente comezaba a abafalo, a súa historia tocaba ao fin. Suspirou ao saber que non fixera nada importante, como cría que tiña predestinado dende o seu nacemento. Na herba formouse unha pequena pinga, que escorregou ata fundirse na terra e perecer esquecida.

Pero non estaba equivocado ao sentir que el era importante, e é importante porque a súa historia chegou ata ti, e pode cambiarte. Se queres que o soño de Xeoane se cumpra, aprende da súa historia: non uses o aire acondicionado de forma abusiva, apaga as luces cando saias das habitacións e, para evitar que miles de pedaciños de xeo coma el, que viven no polo norte, teñan unha morte como a súa, procura evitar a emisión de gases de efecto invernadoiro á atmosfera.



Ocioso, 4ªA



**CANDO ROMPE O MAR**

As sinuosas ondas do mar batían con forza contra as rochas que constituían o meu pequeno cárcere. Alí dentro, aniñada na esquina máis afastada da entrada, metida no máis pequeno dos recunchos, a penas podía ver as salvaxes ondas dun mar alborotado e tormentoso.

Botaba de menos a miña liberdade, pero non podía abandonar a cova sen eles. Simplemente non podía deixalos morrer por un erro. Subitamente, comecei a sentir que unha forte dor de cabeza me tradeaba. Alí estaba, o meu secuestrador, aquel rostro que se emperrenchaba en manterme cativa, en privarme da miña liberdade.

Aceptei o que viría a continuación cun frío asentimento.

Aos poucos minutos perdín a consciencia, deixándome arrastrar por un río de augas escuras e pacíficas do máis interior da miña mente.

Cando volví a recobrar a razón, tiña o corpo entumecido e os ollos repletos de bágoas meniñas e cheas de esperanza. A situación física do meu arredor non cambiara, porén, algo no meu interior trataba de preverme de certa cousa que eu non chegaba a comprender. Comecei a sentirme incómoda, mentres que os meus sentidos se agudizaban, case en contra da miña vontade.

Canto máis retraída quería estar, máis exposta me sentía, e , polo tanto, estaba aleuta. A simple sensación deses iris verdes producíanme ganas de botar a correr, a pesar do traballado control que tiña sobre min mesma.

Si, pasara o que pasara tiña que saír de alí, aínda que non pensara irme sen eles. Sen as únicas persoas que me deran confianza durante todos aqueles días lúgubres.

Case imperceptiblemente, sentín que o tempo comezaba a pasar engorde ao meu arredor. Pouco e pouco, comecei a perderme nas miñas cavilacións, coa mirada perdida no afastado mar...

Recordei tempos nos que todo era diferente. Nos que eu tiña unha familia. Tempos, nos que podía pasear polo meu xardín cheo de rosas, pararme a ollar o mundo infinitamente azul que para min era o mar. Curioso, cando a miña familia me deu as costas e me meteu neste cárcere de pedra, agochado no precipicio e que nos seus días de arrebatado o mar fixera, fai agora dous anos.

Os ollos énchenseme de bágoas e volvo a min de golpe. Tardamente decateime de que estou atrapada, amarrada. Antes de que me drogara, era libre dentro da miña pequena cela, pero agora, só era como unha bolboreta disecada coas delicadas ás collidas por pequenos alfinetes.

Respirei profundamente e volví pechar os ollos.

A imaxe daquela mirada volveu a min coma un lóstrego, deixándome soa e desamparada na negrura detrás das miñas pálpebras.

Abrín os ollos, permitindo por fin que as bágoas que tanto tempo levara aguantando esvararan pola miñas meixelas nunha danza a partes iguais triste e miserable. Case imperceptiblemente, comecei a cantaruxar a nana que a miña avoa acostumaba cantarme cando era nena. Pouco e pouco, fun subindo o volume da melodía ata case acabar gritándoa. Que máis daba de todos modos? Ninguén podía escoitarme alí. Ninguén comprendería o que esas verbas significaban para min. Ninguén... porque estaba soa. Soa e cansa.

Aínda que sei que será por pouco tempo, porque el voltará para seguir torturándome. Teño que ser forte. Eles esperan que eu o sexa. Por moito que eu sexa consciente de que non valerá para nada, que dentro da balanza da vida só será perdurar un tempo máis a agonía na que estou somerxida. Pero iso eles non o saben, nin o saberán nunca.

Porque son forte. Porque teño que selo.

A presión pode comigo e boto a correr cara a saída e vexo o imponente mar ao tempo que grito con todas as miñas forzas, ao tempo que me libero de todas as miñas ataduras.

Porque sei, por moito que me pese, que isto será o final.

Porque acabo de firmar a miña sentenza de morte.

Achegábase, podía sentilo, tan preto que a forza invisible que oprimía o meu peito case me asfixiaba.

Entón vinos.

Aqueles incandescentes iris verdes que atormentaran os meus soños, alzábanse agora imponentes ante os meus propios ollos no corpo dun home que non cría ter visto en toda a miña vida, por mor de ser terriblemente familiar.

Tiña que saír de alí.

Pasara o que pasara.

Dixera o que dixera.

Sabía que usaría as súas artimañas contra min, e que eu caería nelas. Era inevitable. A súa habilidade de convencer á xente era extraordinaria. Aínda así, iso non debería ser suficiente para poder deixarme fóra de combate.

Porén, por moito que me alentara ese pequeno detalle, sabía que non tiña nada que facer. Tíñame. Coñecíame demasiado ben. Podía intentalo todo, pero seguiría sen ser suficiente.

Por fin encontrara un rival para min.

Irónico, sempre buscando alguén similar a min, alguén capaz de contraatacarme, e encontrárao.

Surrealista, esa persoa que con tanta arela buscara, derrotaríame.

Despois de todo, non era nin a única nin a máis forte. Isto era debido a unha razón tan simple como real. Terriblemente dolorosa. E era debido a que el era coma min. Compartía os meus dons. A miña forza.

Souben que loitaría, aínda que non pagaría a pena. Coñecíame demasiado ben.

Un terrible pensamento cruzou fugaz a miña mente, pero deixando o ronsel deste nun retorto amargo bacío.

Tíñame.

---

### **Doutor Santos.**

Paciente: Sandra Montenegro

Residente do manicomio: A Cordura

Tempo de residencia: 2 anos.

Hora da morte: 22:27

Motivo da morte: Fallo cardíaco despois de varias crises nerviosas ao longo dos últimos días. Non respondía ao tratamento contra a psicose con comportamento violento.

Pertenzas: un libro en branco cunha rosa murcha no seu interior, ademais do reloxo de prata que sempre levaba consigo. E un sobre denegrado e balorento cunha simple folla apergamiñada no seu interior que rezaba:

*“Pechar os ollos e simplemente deixar que os teus pensamentos vaguen sen rumbo fixo, ata que finalmente dean co seu lugar correcto, por moi escuro, obscuro, misterioso ou miserable que este chegue a ser.*

*Porque unha palabra, unha bágoa, un sentimento, un calafrío, un sorriso, unha intuición, nada é eterno.*

*Todo, dende o principio, está condenado ao esquecemento, á máis absoluta nada. Á perdición. E é curioso que isto sexa o único que perdure; aínda que nos negamos a reter o esquecemento, e quizais, así, deixe de ser eterno.*

*Porque a memoria, a mente, a capacidade humana non deixa de ser un mecanismo imperfecto. Un mecanismo fráxil. Un mecanismo infinito para nós, pero non máis que un mero rastro no reloxo da vida, na casa do tempo.”*



### ***Un 21 e unha feira chegaran para namorarme.***

Eu sabía todo sobre esa fermosa muller. A cor algo morena da súa pel, o vermello paixón dos seus beizos, a cor negra do seu cabelo rizado, a súa forma de vestir. Todo, absolutamente todo. Faría calquera cousa por ela, podería ser quen ela quixese, mais, pola contra, ela nin sabía quen era eu.

Un agasallo cada mes; rosas, caixas enormes de bombóns, fotos dela nas que saía realmente fermosa, aneis, xoias... Xustamente, o día 21, cando nos viramos fugazmente por primeira vez naquela feira. Eu notei perfectamente como ela me miraba, o que non sei é, se ela notou o desexo e a paixón coa que a mirei eu, mais penso que non, porque para ela mirarme, foi como mirar a calquera, pero eu, estaba namorado dende aquel intre.

Decidín conquistala, e polo tanto, saber todo de ela. Puxen cámaras microscópicas na súa casa, conecteime á súa web cam para poder vela en todo momento, e saber todo o que facía. Si, como din, son todo un hácker informático.

Tiña plans de futuro para nós os dous. Poderíámonos coñecer por casualidade, mais se iso non ocorría, tiña un plan B. Queimaríalle a casa, pero tamén sería eu quen lle salvara a vida. Desfaríame de calquera persoa que quixera interromper a nosa historia, e non sentiría a máis mínima culpabilidade.

...

Tiña medo, moito medo. Os meses pasados eran agasallos do que parecía un admirador secreto, pero agora comezaban a asustarme. Hai dous meses, recibín un corazón dunha persoa, e este mes, un dedo cun anel de matrimonio.



Quen

fose o home, cousa ou animal que mandaba iso, estaba completamente tolo. Eu intentei cavilar quen podería ser, pero nada. Non tiña noivo, nin un ex resentido, nin nada polo estilo, e, tiña medo a avisar a policía, por se me facía algo, pois dese individuo calquera cousa me podía esperar.

Eu vivía soa na miña casa, e ás veces, notaba como se alguén me seguise, como se non estivera de todo soa, pero pensaba que eran só pensamentos meus, mais agora comezaba a pensar que era verdade.

...

Si, era hoxe. Xa pasara un ano desde aquel primeiro 21. Hoxe estaba todo listo para que comezara o noso romance. Ela tiña que saír da casa, e aí estaría eu. Cando ela saíra, eu entraría na súa casa, prepararíalle unha cea perfecta, e cando chegara, coñeceríámonos, declararíalle o meu amor, e ela namoraría-se de min. Ese era o meu plan, nada podía saír mal.

E así foi. Ela marchou sobre ás nove, e eu ás nove e dez xa estaba preparando todo. Tiña a mesa posta cunha cea perfecta, e un agasallo, sería o definitivo.

Ás dez, ela chegou, e cando me viu na súa casa, co agasallo na man, disparoume.

...

E dispareille. Non o pensei nin un momento. Aquel home estaba completamente todo. Eu, xa sabía que algo ía acontecer. Xa levaba xustamente un ano recibindo agasallos, e esta última semana vira a aquel home seguíndome por todas partes. Así que, cando o vin entre os arbustos do meu xardín, non o dubidei nin un momento e fun á casa dun amigo que entende de armas, pedinlle unha pistola. El, sen preguntar, deixouma, era moi bo rapaz.

Tal como eu pensaba, aquel home estaba dentro da miña casa, coa mesa posta, e unha cea enriba dela. Pero o que me demostrou que estaba totalmente tolo, era o seu agasallo. Cando entrei, vin gotiñas de sangue polo chan, e seguinas ata aquel home, que tiña sobre as súas mans 21 corazóns nunha caixa.

Non o dubidei nin un momento, se eu non disparaba, el faríame algo, estaba segura. Que clase de persoa regala corazón humanos, dedos humanos, perséguete, víxiate? Só un auténtico psicópata. E disparei. Nunca estiven tan segura de algo como naquel intre. Sentíame ben. Moi ben. Vin como aquel home morría, e aínda que cunha pena tremenda, se non morría el, ía morrer eu.

Chamei a policía o antes posible e expliqueille o sucedido. Axudáronme bastante a dicir verdade, aínda que tiven que ir a un xuízo do que saín gañando, claro está. Non podía perder despois de acabar cun perigo para a vida da xente. +

Éme imposible dicir como se me meteu por primeira vez a idea na cabeza, pero unha vez dentro, obsesionábame día e noite.


|   |   |
|---|---|
| <p><b>I</b> NÉS<br/><b>P</b> AULA.F.<br/><b>N</b> IEVES</p> | <p><b>O</b><br/><b>C</b>ARAZÓN<br/><b>D</b>ELATOR</p>  |
|---|---|

Cres que foi o seu olo.  
Sí! Iso foi.



Desde aquel momento dispuxeme a matalo. Cada noite, ás 00:00, abría a porta silenciosamente e observaba o seu olo, por desgraza sempre pechado.









Conseguiñ metal, descurticeime e escondino baixo as táboas do dormitorio. Cando rematei chamaron ao timbre.



Revisaron toda a casa e quedaron satisfeitos xa que non atoparon nada, entón invítanos a pasar ao dormitorio do vello, tomaron asento e empezaron a falar. Nese instante comecei a escoitar un zumbido que cada vez se facía máis insoporable.



Estaba moi nervioso, cría que eles se decataran do Zumbido e sabían o que acontecera. O que pasaba era que estaban gñixindo. Non aguantaba máis así que congesei o que gñixera e entón levantei as táboas do chan.



-FIN-

**-CASTELO MEDIEVAL-**

A idea do castelo xurdiu pescudando por internet unha estrutura, e atopamos unha imaxe dun castelo e pareceunos boa idea.

O castelo é unha estrutura masiva feita de madeira con detalles feitos con escarvantes de madeira.

Atopámonos con que o tempo nos comía e a madeira non tiña ben cortados os perfís. Para solucionalo tivemos que quedar un día para acabalo e corrixir as imperfeccións cuns escarvantes.

O grupo consta de catro membros de 2ªA:




-David Amoedo Méndez -Diego Gradín Pérez -Jonathan Pazo González -Soukaina Moukhliissi Knoufi

*Terre Eiffel*

- I. Pensamos entre todas algunhas construcións importantes e ocorréusenos esta.**
- II. Estrutura triangulada. Está feita de bastoncínos (1000 aprox.) e pegados con termo cola con una base resistente, estable e rixida para soportar peso con catro patas. La torre está construída sobre una chapa de madeira aglomerada, pintada de verde e a torre pintada de gris. Mide uns 50 o 60cm de alto**
- III. Feito polos seguintes alumnos:**

- Paula Amoedo
- Nieves Dacosta
- Héctor Cabaleiro
- Miguel Alonso
- Iván Fernández



## Queveq Bridge

O que fixemos foi a ponte de Queveq Bridge (unha estrutura triangular). A ponte levadiza máis longa do mundo.

Cando só nos quedaba unha barra de termocola e non saía máis porque xa quedaba moi pouca e metémoslle

un lapis nela. Todo ía de marabilla ata que comezamos a cheirar a queimado e démonos conta de que era o lapis. Ademais de múltiples feridas, queimaduras, e tamén salpicaduras de pintura na roupa. Pero demos acabado o traballo enteiriños.

Este traballo foi realizado por os alumnos de 2º A:

Alba Castro Pérez, Fernando Alfaya Sanguero, Inés Fernández Soto, Mateu Cabaleiro, David Isorna Comes

## CAMPO MUNICIPAL DE SANTA MARIÑA

Este campo é unha estrutura con armazón.

Neste tempo de traballo xurdíronnos moitas anécdotas. Ó pintar os vestiarios derramósenos pintura marrón no campo, que acabou sendo manchas de terra para que quedara máis orixinal. Mentres pintabamos o chan manchamos as gradas de gris, polo que construímos unhas escaleiras grises.



A idea de facer "o Campo de Choco" xurdiu nun día de sol, cando o noso compañeiro Agustín estaba observando pola fiestra o patio do recreo e ocréuselle esta idea.

-Jessica Pereira Rivas -Katy Rodríguez Nogueira -Agustín Lamas Alonso -Víctor Lores Tojeiro  
-Adrián Pérez Ruiz

2ºB

## A TORRE DE HÉRCULES:



Ao comezo pensabamos en facer unha casa, unha ponte, un faro ou o Big Ben, pero todas esas ideas eran moi comúns. Collemos a idea o faro xa que ninguén a facía e decidimos fusionar con "a torre de Hércules".

Ao comezar o proxecto pensabamos que todo ía ser máis fácil e non nos ía a causar ningunha dificultade, pero tivémolas nos últimos momentos coa cúpula, que debería ser redonda pero tivemos que facer un triángulo que non ocupo todas as dimensións superiores da torre deixando un espazo sen cubrir.

**Estrutura:**a estrutura desta torre é masiva.

**Compoñentes do grupo:**

Sara Crespo Portela, Reyes Prieto Otero, Lucía Míguez Crespo, Alejandro Darroza Corrales, Roberto Piedras Otero

## MINIMEMORIA DO BIG BEN



Esta é unha maqueta da famosa torre do reloxo de Londres, que está construída a base de mistos. Estrutura masiva.

Ocorréusenos este proxecto porque nos gustaba o monumento, e queriamos facer algo diferente e orixinal.

A anécdota máis curiosa quizais sexa que non volveremos tocar un misto durante moito tempo, xa que nos custou moito pegalos todos, e tivemos que ter moita paciencia.

Todos temos a nosa parte no proxecto, xa que todos interviñemos na súa construción.

Este proxecto axudounos a traballar máis en equipo e levar a cabo as distintas ideas de cada compañeiro.

GRUPO B

Andrea Ríos Vilas, Olaya Varela Núñez, Alba López Cabaleiro, Alba Rodríguez Gómez

Alejandro Santorio Álvarez

### MUÍÑO HIDRÁULICO



Para facer este proxecto inspirámonos nunha foto da Internet e dun proxecto parecido que había no taller.

Para que o muíño xirase utilizamos un lapis. Para facer a reserva dende onde ía caer a auga utilizamos un bote de cereais. Para que a auga non mollara a caixa de cartón onde estaba o muíño, puxemos


unha bolsa de plástico. Para soste a reserva pegamos escarvadentes con anacos de madeira e cortiza.

COMPOÑENTES DO GRUPO: Brian Rivas, Fernando Santos, Noelia Torres, Gabriel Sío e Daniel Sánchez.

## I.E.S. Illa San Simón

Idea: xurdiu do grupo en conxunto, a dificultade dunha estrutura xeodésica fíxonos abandonar a idea e decidimos entre todos facer o instituto.

Estrutura: é unha estrutura con armazón esta



composto por 3 edificios o pavillón, a sala de profesores e as clases.

Anécdotas: un día a un compañeiro de clase caeulle a caladora iso fíxonos ter un día de retraso.

Compoñentes do grupo: Carmen González Tornero Elina Pérez García Marcos Ferreira Rodríguez Javier Vidal Vilarchán

## INTERCAMBIO CO IES DE CELANOVA



O día 28 de maio os alumnos de 4º fomos de excursión a Celanova co grupo de normalización de galego. Alí, os nenos amosáronnos o seu instituto, está nun mosteiro no que tempo atrás estivo apresado Celso Emilio Ferreiro. As instalacións eran espectaculares, moi amplas e a súa benvida foi inmejorable: fixéronnos un recibimento con gaitas, pandeiretas, acompañado todo da voz dalgunhas nenas e tamén leron poemas de Celso Emilio e Curros. Despois diso convidáronnos a tomar uns petiscos na súa cafetería e cómpre dicir que o biscoito estaba de morte (eu volvería só por iso).

A continuación visitamos a igrexa que compartía edificio co instituto. Era barroca e tan grande que semellaba unha catedral. O máis impresionante foi o órgano que albergaba: era enorme e producía gran variedade de sons. Logo diso os de Celanova amosáronnos os lugares de interese da vila e despois dirixímonos ao encoro en Bande, parecía unha praia fluvial e alí comemos. A seguir fomos ver a vila romana na que había ruínas dun hospital e os inicios do cardo e a porta decumana. Unha hora despois collemos o autobús para Redondela. Foi un día esgotador!

CRISTINA



Cansazo, así definiría eu a visita, desde as dúas horas de bus, ata a calor do ambiente e as dúas horas de volta. Fixemos de todo nunha mañá e tan rápido que coa calor e o cheiro da igrexa, acabei rebentada, porque a visita por ese lugar escuro e dourado aínda durou. Recibíronnos nun corredor de aplausos e dirixíronnos cara á súa sala de actos: alí interpretáronnos poemas de Celso Emilio e



Curros con piano, guitarras e pandeiretas. Ao saír da presentación fomos convidados a uns petiscos, que se agradeceron, nunha cafetaría enorme, en comparanza coa nosa... un palacio. Guiáronnos polo seu colexio, que era un mosteiro do século XVII que semellaba máis ben Hogwards: escaleiras de pedra, os corredores con paxaros que me parecían mouchos... todo o ambiente me facía pensar en Harry Potter. O cume da visita foi a biblioteca, con 22000 volumes, teles e ordenadores nun ambiente antiquísimo e moi acolledor. Despois visitamos a igrexa coa pequena capela de San Miguel. Comemos nun encoro e a visita a Celanova rematou no museo sobre os romanos que se asentaran alí hai moitos anos. Volvemos cara Redondela cansos e cun sorriso pois a xente foi moi agradable e simpática, pero algo preocupados porque agardamos que non se decepcionen ao ver o noso colexio. Polo menos nós temos ao noso favor a praia e a enseada de San Simón!

ALICIA





**Deus non**

ceo,  
inferno,  
luxuria,  
pecado,  
mentira,

adulterio, traizón...

Quen paga o sangue dos que xa caíron? deus non.  
Quen revive aos que xa non nos acompañan? deus non.

Silenzo, coraza,  
deus non,  
miseria,  
deus non,  
tortura,  
deus non,  
choros,  
deus non,  
pranto,  
quen os fixo chorar?  
Deus non.

**Ser quien más odias**

Yo  
creo,  
quiero,  
no puedo.

Sé que luego  
lo intento y siento  
que pierdo el aliento,  
sentimiento  
de ser viento,  
aliento.

Yo  
Tú  
Ella  
Ello

Vacío del viento,  
margen de un sentimiento,  
que nunca volverá de nuevo.

Dejar paso al consuelo,  
de creer ser creído,  
un sueño,  
creador de una vida que no espero.

## DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

### 1.- O problema de Monty Hall

O Problema de Monty Hall é un problema de probabilidade inspirado polo concurso televisivo estadounidense **Let's Make a Deal** (Fagamos un trato), famoso entre 1963 e 1986. O seu nome vén do presentador, Monty Hall.

*Neste concurso, o participante escolle unha porta entre tres, e o seu premio consiste no que se atope detrás. Unha delas oculta un coche e detrás das outras dúas hai cadansúa chiba. Porén, antes da decisión final, o presentador, que sabe onde está o premio, abre unha das portas e amosa que detrás dela hai unha cabra. Agora ofrécelle ao concursante unha derradeira oportunidade de cambiar a porta escollida. **Debe o concursante manter a súa elección orixinal ou mudar a outra porta? Hai algunha diferenza?***

¿Cal sería a opción correcta?

1. **Quedarse coa porta inicial**
2. **Cambiar pola outra porta**
3. **É irrelevante cambiar ou non cambiar**

A primeira vista parece obvio que dá igual (opción 3). A intuición dinos que agora, quitando unha porta sen premio, a porta que nós escollemos ten un 50 % de ter una cabra e polo tanto dá igual cambiar que non facelo. Pero non sería un paradoxo o problema se fose tan trivial, verdade?.

Ti que farías? Por que?

### 2.- ONDE ESTÁ O EURO?

Van tres amigos cear a un restaurante. Despois da cea, ao pedir a conta...

Amigos: 'Camareiro ... tráianos a conta, por favor.'

Camareiro: Son 30 euros, cabaleiros.

E cada un deles pon 10 euros.

Cando o camareiro vai poñer o diñeiro na caixa, decátase o xefe e dille:

Xefe : Non, eses son amigos meus. Cóbralles só 25 euros.

O camareiro dáse conta que se devolve os 5 euros pode haber unha lea para repartilos e decide o seguinte:

Camareiro: Xa está. Quedarei con 2 euros e devolvérelles 3, un para cada un.

E así o fai, devólvelles a cada un 1 euro.

Agora é cando vén o liorta: se cada un puxo 10 euros e lle devolven 1 euro, realmente puxo cada un deles 9 euros.

Ata aquí de acordo, non? Pois ben:

$9 \times 3 = 27$  euros. Se engadimos os dous cos que se queda o camareiro:

$27 + 2 = 29$  euros

¿¿¿ONDE ESTÁ O OUTRO EURO???

## SOLUCIÓN AOS DESAFÍOS MATEMÁTICOS

### EXPLICACIÓN INTUITIVA AO CONCURSO.

Se non cambiamos, as posibilidades de gañar son de  $1/3$ , xa que escolleramos antes de ter información e logo non cambiamos, de modo que o feito de que o presentador abra unha porta non cambia as nosas probabilidades aínda que pareza o contrario.

Porén, se cambiamos:

- Escollemos porta con cabra -> Presentador mostra a outra cabra -> cambiamos e GAÑAMOS
- Escollemos porta con coche -> Presentador mostra a outra cabra -> cambiamos e PERDEMOS

e dado que hai 2 cabras e 1 coche as posibilidades de gañar son de  $2/3$ .

**POLO TANTO A OPCIÓN CORRECTA SERÍA A 2.-**

### 2.- SOLUCIÓN Á LEA DO EURO.

Hai unha trampa semántica na proposición do problema. En realidade, cada uno puxo 8.33 euros, máis os dous do camareiro, máis os tres que devolven, iso dá os 30. O tema é que un dá un billete de 10 e recibe un de volta. Un "imaxina" que puxo 9 euros para a conta, cando en realidade puxo 8.33 euros para a conta máis 0.66 euros para o camareiro.

$8.33 \times 3 = 24.99$  CONTA

$0.67 \times 3 = 2,01$  CAMAREIRO

-----

CONTA TOTAL 27 EUROS

Devolución = 1 euro \* 3 persoas = 3 EUROS

CONTA MÁIS VOLTA = 30 Euros

## Non é un adeus Xun, é un ata logo.

Será un ano que estarás lonxe de nós, a 6680,96 km de distancia, pero nos nosos corazóns estarás tan preto coma sempre.

Sabemos que é una boa experiencia para ti, que aprenderás moito e que incluso traerás amigos dos que non se esquecen. Pero que saibas, que saia como saia, sempre nos terás a nós.

Pensar que levamos toda a vida xuntos e agora, estaremos dez meses sen verte rir a gargalladas, sen os teus enfados espontáneos, sen os teus apoios, sen a túa obsesión por Fábregas, sen mostrarnos, día a día, que nunca é tarde para ser feliz.

Comezaremos una nova etapa, o bacharelato. Tentaremos seguir adiante e esperaremos ao próximo ano para recibirte con alegría, xa que daquela, si estarás con nós. Teremos tempo para recuperar todo o perdido e seguir facendo o que che gusta. Comeremos todos os McFlurry's que queiras, sexa verán, primavera, outono ou inverno. Seguiremos facendo o friki pola alameda, para non perder o costume. Escoitaremos, e ata sorriremos cando alardees do Barça. E sen dubidalo, contarémosche todos as rexoubas de Redondela. Aínda que con isto de internet, non pasará máis dunha hora sen que saibas as novas redondelás.

Esperemos que o pases tan ben alá como nolo fixeches pasar ti a nós aquí, e que goces aprendendo inglés.



Silvia Estévez, Pablo Táboas, Patricia Pereira, Ana Pereira, Adrián Moreira, Iván Sánchez, Pablo Fernández, Cristina Garrido, Ángela Martínez e Laura López.

**A FIESTA DO ILLA Nº 13**



*Sergio Cabaleiro*

remata A noite e  
co a LUMINOSIDADE do dia  
comenza un novo  
camiño